


O FELO



Documentación, maquetación e deseño: Equipo A todo filispín!

UNIDADE DIDÁCTICA

 EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



CEIP GALÁN
Oseiro-Arteixo (A Coruña)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

○ FELO DE MACEDA

JORGE FERNÁNDEZ CARBALLO
da **SOCIEDADE DE FELOS DA SERRA**
MACEDA-OURENSE

O felo, personaxe tradicional do entroido de Maceda, ten a súa orixe na Serra de San Mamede e dise que eran cobradores de impostos do conde Maceda, aínda que a orixe certa non se coñece.

O felo non é un disfrace. É un sentimento. A súa indumentaria está composta por: medias negras, camisa branca, pantalón curto con perillos brancos, unha colcha de diferentes cores envolta na cintura a modo de faixa, gravata, colares de perlas, chaquetiña, calcetíns brancos enriba das medias, botas de fol, cinco chocas na cintura penduradas dun cinto de coiro, un caxato e a carauta: a peza máis importante do traxe, de dentamia retranqueira e barba de pel de coello luce na súa mitra animais autóctonos do Val do Medo.

O felo percorre a corga da Serra de San Mamede de aldea en aldea, facéndose sentir coas súas chocas e aturuxos.

O felo impón o seu respecto e é unha figura amada pero tamén temida. Saen o sábado e domingo de entroido pero podédelos atopar polas aldeas e pola vila a partires do un de xaneiro.



QUE SABES DOS FELOS?

1.- Como se chama o personaxe tradicional do entroido de Maceda?

2.- Onde ten a súa orixe?

3.- Lembras o nome de cinco pezas da súa indumentaria?

4.- Que animais pintan na mitra?

5.- Que utiliza o felo para facerse sentir cando vai polas aldeas da Serra da Corga?

6.- Que dous días de entroido saen os felos?

7.- Cantas chocas leva penduradas do cinto?



A INDUMENTARIA DO FELO


Coloca cada nome do recadro onde lle corresponda.

MEDIAS CAXATO PERILLOS CARAUTA COLARES MITRA



A SOPA DE LETRAS

Localiza as seis palabras relacionadas cos felos de Maceda.



FAIXA
CHOCAS
MEDIAS
PERILLOS
CAXATO
CARAUTA

C	A	R	A	U	T	A	R	P
C	H	O	C	A	S	L	O	E
Q	G	T	P	B	L	M	E	R
Ñ	F	A	I	X	A	E	R	I
D	T	Z	E	R	B	D	V	L
E	L	Q	V	L	S	I	U	L
Z	U	H	C	A	X	A	T	O
T	D	Q	Ñ	S	P	S	F	S
G	R	E	O	H	T	L	Q	P

QUE PALABRAS ESTÁN DE MÁIS?


Arrodea os nomes das prendas e obxectos que compoñen a indumentaria dun felo e risca as seis que non pertencen.



ABRIGO	GRAVATA	ANTEOLLOS
CHOCAS	FAIXA	CALCETÍNS
MEDIAS	BAÑADOR	COLCHA
CINTO	CHAQUETIÑA	CASCO
RELOXO	CARAUTA	CAXATO
ANORAK	BOTAS	PARAUGAS
MITRA	PERILLOS	



O ENCRUCILLADO DO FELO



HORIZONTAIS


- 1.- Que se di que cobraban os felos?
- 2.- Campaiñas que levan os felos no tempo de entroido.
- 3.- Animal do que se utiliza a pel para facer a barba do felo.
- 4.- De que cor son as medias do felo?
- 5.- Un dos dous días de entroido no que saen os felos polas aldeas da Serra de San Mamede.
- 6.- Parte superior da carauta do felo na que se pintan animais autóctonos de Galicia.

1.-IMPOSTOS 2.-CHOCAS 3.-COELLO 4.-NEGRAS 5.-SÁBADO 6.-MITRA




QUEN FAI ESE RUÍDO?

Con que instrumento fan ruído e asustan á xente os felos?



O C H A C A



LEMBRAS OS NOMES?

Serás quen de unir as sílabas para formar os nomes de partes da indumentaria dos felos?

CIN	CHO	MI
CA	MI	CA
TRA	SA	CA
PE	TO	TA
GRA	LLOS	XA
VA	RI	TO

LEMBRAS OS NOMES?


Usando as letras da palabra MACEDA forma palabras relacionadas cos felos que conteñan esas letras.

M	
A	
C	
E	
D	
A	



QUE CAMIÑO SEGUIMOS?

Que camiño ten que percorrer a nena para recoller e decorar a súa mitra? Colorea.




QUE ANIMAL SOBRA?

Os felos só levan na súa mitra animais autóctonos galegos. Poderías colorear os animais que temos en Galicia e riscar o de fóra?



– QUE ANIMAL VAS PINTAR NA MITRA?

Pinta o dado, móntao, tírao e saberas que animal é o que podes pintar na mitra do felo.



DECORAMOS A MITRA?

Lembra que o debuxo que levan os felos na mitra é un animal da nosa fauna. Debuxa un e colorea a carauta.

